



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2019/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	5 Novembro 2019
Duración	Desde as 20.34 ata as 21.18 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	FRANCISCO CAJOTO CASERIO
Secretario	ANTIA PENA DORADO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77594040K	ACELA VERÓNICA PEÑA CASTIÑEIRA	SÍ
76565898W	ANA MATEA ROJO EIJO	SÍ
34637800F	CARLOS GARCÍA RODRIGUEZ	SÍ
76580316E	CONCEPCIÓN LÓPEZ SEIJAS	SÍ
77597585R	FRANCISCO CAJOTO CASERIO	SÍ
77595487L	FRANCISCO XAVIER FANEGO BERMÚDEZ	SÍ
53161069L	GEMA MÉNDEZ LEIVAS	SÍ
77596095Y	HECTOR MORIS FERNÁNDEZ	SÍ
50442371J	IAGO VILLAMIL CAJOTO	SÍ
34883817Q	INÉS LÓPEZ COUTO	SÍ





CONCELLO DE

FOZ

77594781A	JAVIER JORGE CASTIÑEIRA	SÍ
09373619S	JOSE MARIA LINARES RODRIGUEZ	SÍ
33822451P	JOSÉ ANTONIO HERMIDA FERNÁNDEZ	SÍ
76565452Q	JUAN JOSÉ RIVAS NECEGA	SÍ
34880713V	LAURA RIVEIRA BALSEIRO	SÍ
33994153S	VERÓNICA SOTO PIÑEIROA	SÍ
34883938E	VICTOR COUTO BARRIENTOS	SÍ
78800879G	YOLANDA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	NON
Escusas de asistencia presentadas: 1. YOLANDA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ: «PERMISO POR EXÁME OFICIAL»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior, extraordinaria de data 15 outubro 2019

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se teñen algunha consideración, non habendo ningunha aclaración, queda aprobada por **unanimidade (17 votos)** .-

Expediente 1471/2019. Convenios (Aprobación, Modificación ou Extinción)

A Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, ditaminou favorablemente a presente proposta, na sesión celebrada o día 24 de outubro de 2019, cuxo teor literal di:

“PROPOSTA

O 9 de agosto subscribiuse un Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, que foi





publicado no Doga núm. 156 o 17.08.2018.

Con data 15 de abril de 2019, subscribiuse a primeira addenda ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Visto o informe da secretaria da corporación do 18.10.2019.

Considerando o disposto á colaboración interadministrativa nos artigos 27, 55 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e demais normativa de aplicación.

Considerando a atribución concedida ao Alcalde e ao Pleno polos artigos 21.1 e 22.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno e Fiscalización de Intervención, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en Materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, que foi publicado no Doga núm. 156 o 17.08.2018.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo á Consellería de Medio Rural, aportando o anexo I que figura no expediente e facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura da correspondente adhesión ao convenio de colaboración e demais actuacións precisas para a execución deste acordo.

TERCEIRO.- Comunicar ao servizo de Medio Ambiente para que leve a coordinación e xestión das obrigas derivadas da firma desta adhesión “.

A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións**, explicando primeiramente a proposta e antecedentes deste asunto.

Iago Villamil Cajoto, concelleiro do grupo municipal do BNG, di que están a favor.

O alcalde manifesta que o PSdG-PSOE está a favor.

Javier Jorge Castiñeira, concelleiro do grupo municipal do PP, di que vai aproveitar estas primeiras palabras para amosar as súas condolencias á familia de Iker Fernández, alumno falecido no día de onte en Burela, cuxos pais e avós son familias de Nois e Cangas.

Están a favor loxicamente desta moción, é un plan que a Xunta de Galicia ten feito en colaboración coa Fegamp e parécelles positivo manter en bo estado as zonas próximas ás vivendas, para evitar incendios e outras molestias. Están de acordo nesa xestión colaborativa das zonas forestais ao redor dos núcleos rurais que nalgún momento tiveron problemas con temas de incendios e demais.

Victor Couto Barrientos, concelleiro do grupo municipal de FPF, manifesta que están a favor.





CONCELLO DE

FOZ

Finalizado o debate, **sométese a votación a Proposta de Alcaldía, obténdose o seguinte resultado: unanimidade (17 votos).**

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en Materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, que foi publicado no Doga núm. 156 o 17.08.2018.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo á Consellería de Medio Rural, aportando o anexo I que figura no expediente e facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura da correspondente adhesión ao convenio de colaboración e demais actuacións precisas para a execución deste acordo.

TERCEIRO.- Comunicar ao servizo de Medio Ambiente para que leve a coordinación e xestión das obrigas derivadas da firma desta adhesión.-

Expediente 1526/2018. Aprobación ou Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora

A Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, ditaminou favorablemente a presente proposta, na sesión celebrada o día 24 de outubro de 2019, cuxo teor literal di:

“PROPOSTA

A Consellería do Medio Rural publicou no DOG do 7 de maio de 2018 a instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas imposta pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galiza. Esta instrución determina as competencias que corresponden aos Concellos e cales á Xunta para o inicio das actuacións de oficio co obxecto de impulsar as franxas de protección antiincendios e como proceder contra quen incumpre as obrigas de xestión do matorral e do arborado nestas franxas en torno aos núcleos de poboación e vías de comunicación.

A veciñanza laméntase de que as Administracións non actúen de oficio para evitar estas situacións que poñen en perigo a seguridade das persoas e das propiedades, cando son elas as que teñen a competencia para facer cumprir as súas propias normativas administrativas, como a da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Non é admisible que debido a deixadez e irresponsabilidade das Administracións sexan os propios afectados os que teñen que denunciar a algún dos seus veciños por incumprimento desta obriga de limpeza, o que non só supón para veciñanza mareos e dificultades á hora da realización do trámite burocrático, cuxa resolución de alonga no tempo, senón que tamén acaba afectando ás relacións entre a veciñanza e con consecuencias negativas para o mantemento dunha convivencia veciñal en harmonía.



Sendo o Concello de Foz, de acordo coa Instrución 1/2018 da Consellería de Medio Rural, a Administración competente para vixiar o cumprimento das franxas de protección contra o lume no solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural, a Concellería de Medio Ambiente do goberno municipal de Foz quere aproveitar o modelo de ordenanza de carácter non fiscal promovido pola FEGAMP para ordenar as faixas de protección contra os lumes nun momento onde o perigo e as consecuencias son maiores e que non admiten máis demora, considerando así a urxencia desta iniciativa.

Tendo en conta o Plan normativo municipal para o ano 2019 aprobado por acordo plenario do 13.12.2018.

*Tendo en conta o anterior, propoño ao Pleno da Corporación, por iniciativa da Concellería de Medio Ambiente e Medio Rural, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte **ACORDO**:*

PRIMEIRO.- *Modificar o Plan normativo e incluír como ordenanza de nova creación unha reguladora da xestión da biomasa e distancia das plantacións.*

SEGUNDO.- *Comunicar o presente acordo aos distintos departamentos municipais afectados para a debida programación das actuacións a realizar, de modo que ao longo do ano 2019 poidan estar revisados e modificados os distintos regulamentos e ordenanzas que forman parte do plan normativo.*

TERCEIRO.- *Publicar o plan aprobado no portal de transparencia, na sede electrónica municipal e no taboleiro de edictos para o seu xeral coñecemento “.*

A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións**, explicando primeiramente a proposta e antecedentes deste asunto.

Iago Villamil Cajoto, concelleiro do grupo municipal do BNG, manifesta que están a favor.

O alcalde di que, evidentemente, para aprobar o convenio é necesario modificar o plan normativo, e reitera a necesidade desas franxas de protección de incendios ao redor dos núcleos. En Foz, lévase tempo sen eles, pero córrese un grave risco e van estar a favor.

Javier Jorge Castiñeira, concelleiro do grupo municipal do PP, manifesta que tamén votan a favor da ordenanza.

Victor Couto Barrientos, concelleiro do grupo municipal de FPF, di que están a favor.

Finalizado o debate, **sométese a votación a Proposta de Alcaldía, obténdose o seguinte resultado: unanimidade (17 votos).**

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- **Modificar** o Plan normativo e incluír como ordenanza de nova creación unha reguladora da xestión da biomasa e distancia das plantacións.



SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo aos distintos departamentos municipais afectados para a debida programación das actuacións a realizar, de modo que ao longo do ano 2019 poidan estar revisados e modificados os distintos regulamentos e ordenanzas que forman parte do plan normativo.

TERCEIRO.- Publicar o plan aprobado no portal de transparencia, na sede electrónica municipal e no taboleiro de edictos para o seu xeral coñecemento.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA ADHESIÓN Á CAMPAÑA " EN NEGRO CONTRA AS VIOLENCIAS" E DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE FOZ POLO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

A Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, ditaminou favorablemente a presente proposta, na sesión celebrada o día 24 de outubro de 2019, cuxo teor literal di:

"PROPOSTA

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na súa resolución 54/134 de 17 de decembro de 1999 declarou o 25 de novembro como o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.

A violencia contra a muller converteuse nun problema estrutural. O problema radica nunha sociedade na que o poder recae sobre o xénero masculino e na que se pretende que a muller siga a ter un papel de subordinación. Mentres este roles non se equilibren a violencia seguirá a formar parte da vida dun importante número de mulleres. Esta violencia aparece en forma de distintas accións, dende golpes, pasando agresións sexuais e tamén violencia psicolóxica, que non por menos visual é menos importante, máis todas atentan contra a integridade, liberdade e capacidade das mulleres.

A violencia de xénero e, máis concretamente a violencia contra as mulleres, está presente tamén na vida política, xa que sobre nós como políticos recae a responsabilidade de poñer a disposición da cidadanía o marco educacional, normativo e xudicial que impida que este problema continúe medrando.

A educación das nenas e nenos, dos adolescentes e incluso de moitos maiores de idade debe incidir no respecto ás mulleres que os rodean, no trato igualitario e na detección de todo tipo de conductas que impliquen violencias sutiles que comecen nos propios centros. Por iso é necesario que se implanten programas para educar con perspectiva de xénero e que os escolares non naturalicen micromachismos que conviven habitualmente na nosa sociedade.

A pesar dos esforzos dalgunhas institucións para achegarnos á realidade diaria da muller, non está sendo abondo aínda. Convivimos con actitudes nas que se minusvalora o sufrimento de moitas mulleres. Aínda queda quen cuestiona a veracidade dunha denuncia por agresión sexual, quen realiza declaracións que xustifican a violencia, ou quen fai un uso sensacionalista do sufrimento feminino.

A mellora e crecemento moral da nosa sociedade virá da man do empoderamento das mulleres.





Con motivo da conmemoración desta data, o Concello de Foz mostra a súa firme repulsa a todas as expresións de violencia de xénero e, sobre todo de violencia contra a muller, que son froito da desigualdade existente entre mulleres e homes.

As institucións públicas debemos poñer no centro da nosa actividade a erradicación de todo tipo de expresións de violencia de xénero ou de calquera outra. Para iso, é necesario que desenvolvamos programas estables e continuados no tempo que nos acheguen á consecución dunha sociedade libre de violencias, dotándoos de recursos económicos e persoais.

No noso compromiso activo de erradicar a violencia en todas as súas formas, apostamos firmemente por que se traballe desde a prevención da violencia contra as mulleres coa mocidade do noso municipio, xa que a incidencia da violencia machista nesta poboación é unha realidade que nos preocupa. Así como o traballo con toda a cidadanía, para que non permita nin naturalice discursos que mostren permisividade coa violencia, que a xustifiquen ou que banalicen as agresións e as condutas discriminatorias cara ás mulleres.

*Por todo iso, esta Alcaldía, propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte **ACORDO**:*

1.-Dar o noso apoio á campaña “EN NEGRO CONTRA AS VIOLENCIAS”, da que xa forman parte máis de cen Concellos galegos, e propoñer actos dende o noso Concello para visualizar este apoio, e a nosa repulsa hacia a violencia contra a muller.

2.-Traballar na sensibilización e prevención da violencia machista coa mocidade.

3.-Traballar na difusión de programas de sensibilización e atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas.

4.-Desenvolver, no ámbito das nosas competencias e en aplicación da lexislación vixente, unha política municipal activa, integral e coordinada a favor da igualdade e contra a violencia machista “.

A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións**, dándolle a palabra a Inés López Couto, que explica primeiramente a proposta e antecedentes deste asunto.

Javier Jorge Castiñeira, concelleiro do grupo municipal do PP, manifesta que loxicamente están de acordo con esta proposta de adhesión a esta campaña “en negro contra as violencias” ; o próximo 25 de novembro celébrase o día internacional contra a eliminación da violencia contra a muller, non está sendo un bo ano o 2019, que supera ao 2018 e 2017, pasan de 1000 desde que levan as contas desde o 2003, e como ben din, é unha lacra da sociedade, que ten que superar e o máximo apoio desde o PP.

Aproveita tamén para dicirlle á xente que os escoita que existe un teléfono gratuito, que é o 016, para garantir que todas aquelas persoas que teñan algún caso cercano ou algunha mostra neste sentido, o poidan facer de forma gratuita e libre. Incluso os servizos sociais do Concello e outros organismos (policía local e garda civil), para tratar de evitar calquera caso.

Iago Villamil Cajoto, concelleiro do grupo municipal do BNG, di que desde o seu partido consideran que a moción so pode ser aprobada diante dun tempo no que hai





unha tendencia revisionista e negacionista no aspecto da violencia contra a muller. Contan que os outros 364 días tamén sexan de defensa da vida, dos valores e da dignidade da muller.

Victor Couto Barrientos, concelleiro do grupo municipal de FPF, manifesta que lóxicamente tamén van votar a favor da proposta.

Finalizado o debate, **sométese a votación a Proposta de Alcaldía, obténdose o seguinte resultado: unanimidade (17 votos).**

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

1.-**Dar o noso apoio á campaña “EN NEGRO CONTRA AS VIOLENCIAS”**, da que xa forman parte máis de cen Concellos galegos, e propoñer actos dende o noso Concello para visualizar este apoio, e a nosa repulsa hacia a violencia contra a muller.

2.-**Traballar** na sensibilización e prevención da violencia machista coa mocidade.

3.-**Traballar** na difusión de programas de sensibilización e atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas.

4.-**Desenvolver**, no ámbito das nosas competencias e en aplicación da lexislación vixente, unha política municipal activa, integral e coordinada a favor da igualdade e contra a violencia machista.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA Á REFORMA INTEGRAL E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO COLEXIO FONDO NOIS

A Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, ditaminou favorablemente a presente proposta, na sesión celebrada o día 24 de outubro de 2019, cuxo teor literal di:

“PROPOSTA

A educación pública, universal e gratuíta é o pilar básico de calquera sociedade moderna. Unha nena ou neno, independentemente da súa orixe e nivel económico, ten o dereito e o deber a formarse, a evolucionar culturalmente, a recibir os coñecementos que lle permitan adquirir uns valores como cidadán e como persoa.

A educación pública require duns centros adecuados, de edificios conformados de forma atractiva para os estudantes, adaptados para os nenos con mobilidade reducida, aclimatados e eficientes enerxéticamente, de forma que o custo ambiental sexa o menor posible para o noso planeta.





A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é a competente e responsable de que os centros educativos públicos conten cunhas instalacións adecuadas e adaptadas ás necesidades dos alumnos. Neste sentido, a Consellería puxo en marcha o Plan de Dotación de Infraestruturas Educativas 2016-2020 dotado cun presuposto de 118,5 millóns de euros, cofinanciados por fondos Feder.

Dentro de este Plan, a Consellería de Educación está a reformar o CEIP nº 1 de Foz, cun orzamento de case 1 millón de euros. Este colexio, construído no ano 1964 e con máis de 50 anos de funcionamento, precisaba dunha reforma integral urxente.

Neste senso, e tras as reunións mantidas co equipo directivo do Colexio Fondo Nois, con Juan Benito García á cabeza, puidemos constatar as graves deficiencias que tamén presenta este centro. Construído no ano 1969, sómente 5 anos despois do Colexio nº 1 de Foz, presenta grandes eivas no illamento: cubertas, ventás, portas, alumeado e calefacción que o converten nun centro desfasado, mal preparado e incomodo para as actividades educativas. Así mesmo, o centro conta cun patio de xogos descuberto cunhas instalacións anticuadas e desfasadas para a práctica de deportes, problemas na urbanización exterior, e unhas instalacións inadaptadas a alumnos con problemas de mobilidade.

Por todo o anteriormente exposto esta Alcaldía propón, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte **ACORDO**:

-Instar á Xunta de Galicia e concretamente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a que aporte o financiamento necesario para as obras de reforma integral e mellora da eficiencia enerxética do Colexio Fondo Nois, definindo todas as necesidades do centro en colaboración co equipo directivo, dentro do Plan de Dotación de Infraestruturas Educativas 2016-2020 “.

A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións**, dándolle a palabra a Hector Moris Fernández, concelleiro de educación, que explica primeiramente a proposta e antecedentes deste asunto.

Concepción López Seijas, concelleira do grupo municipal do PP, di que cren que esas medidas son moi necesarias e xa llelo propuxeran aos veciños de Nois nas eleccións, despois de escoitar as necesidades deste colexio a través dos membros da AMPA e da propia dirección do colexio. Ela ten os nenos alí e sabe de primeira man que o colexio ten moitas necesidades.

Como o alcalde sabe, xa houbo tres importantes obras do PP neste colexio, conseguidas polo anterior goberno, como por exemplo a cuberta do patio, entre outras moitas. Votarán a favor e poñerán todos os medios necesarios pola súa parte para traballar colaborando co Concello e coa Xunta de Galicia para que se faga o antes posible.

Iago Villamil Cajoto, concelleiro do grupo municipal do BNG, manifesta que están a favor.

Victor Couto Barrientos, concelleiro do grupo municipal de FPF, di que están a favor.

Finalizado o debate, **sométese a votación a Proposta de Alcaldía, obténdose o seguinte resultado: unanimidade (17 votos).**





CONCELLO DE

FOZ

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

-Instar á Xunta de Galicia e concretamente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a que aporte o financiamento necesario para as obras de reforma integral e mellora da eficiencia enerxética do Colexio Fondo Nois, definindo todas as necesidades do centro en colaboración co equipo directivo, dentro do Plan de Dotación de Infraestruturas Educativas 2016-2020.- .

PROPOSTA GRUPO MUNICIPAL PP PARA INSTAR AO MINISTERIO DE FOMENTO A QUE AXILICE O ARREGLO DA PONTE EN MAÑENTE E RESTAURE O ACCESO COA N-642 NECESARIO PARA OS VECIÑOS DA PARROQUIA DE VILARONTE

A Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, ditaminou favorablemente a presente proposta, na sesión celebrada o día 24 de outubro de 2019, cuxo teor literal di:

"PROPOSTA

O 24 de xullo, produciuse un accidente dun camión que coa súa carga danou a ponte de Mañente que dá acceso aos veciños de Vilaronte á N-642 e que obrigou á anulación deste de forma provisional ata que sexa reparado.

Despois de varios meses, os veciños de Vilaronte queixanse de que todo sigue igual e que a situación ademais de crear bastantes molestias por ter que buscar accesos máis incómodos, a sinalización existente con conos nunha subida e cambio de rasante, xa de por si perigosa e na que xa houbo accidentes graves, non é suficiente e creou algunha situación de perigosidade para o tráfico.

O pasado mes de setembro o Partido Popular preguntou no pleno ao Alcalde pola situación deste asunto e non aclarou datas do arranxo e apertura do acceso, dando incluso a sensación de que esta situación se prolongaría moito no tempo.

Como cremos que as xestións do Alcalde con Fomento ata o día de hoxe non foron suficientes para resolver a urxencia do acceso e con elo as incomodidades dos veciños de Vilaronte, entendemos que o Pleno da Corporación Municipal debe ser trasladar as queixas ao órgano competente e pedir maior axilidade.

Polo tanto, SOLICITAMOS APROBAR polo pleno da Corporación Municipal de Foz o seguinte ACORDO:

1.-Instar ao Ministerio de Fomento, concretamente á Delegación de Fomento en Galicia, a reparar de forma inmediata o acceso a Vilaronte na N-642 por Mañente, e a mellorar a sinalización para evitar posibles accidentes mentres non se abra o mesmo “.

A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións**, dándolle a palabra a Verónica Soto Piñeiroa, concelleira do grupo municipal do PP, que explica primeiramente a proposta e antecedentes deste asunto.

O alcalde di que están completamente de acordo, que o arranxo da ponte de Mañente é urxente e necesario, que está causando incomodidades aos veciños,



desvía o tráfico do autobús escolar,... Desde que houbo ese accidente, desde o primeiro momento puxéronse en contacto coa subdelegación do goberno, co Ministerio de Fomento, e indicáronlles que había unha obra de emerxencia prevista para o arranxo desta ponte, como se indicou nesa pregunta que se fixo no pleno anterior.

Agora xa a subdelegación do goberno informou máis detalles do que conleva esa actuación, que non se reduce so ao arranxo desta ponte, se non que se vai actuar en total en catro pontes e elevar a cota para que non se volva a producir ou que sexa moito máis difícil que se produza un accidente destas características. Concretamente, as pontes nas que se vai elevar a cota encima da N-642, son as dos puntos quilométricos 29.700 , 32.300, 33 e 33.900. Esta actuación, como informaron, conleva 473.000 € que van a través dunha obra de emerxencia, polo que esperan que sexa bastante áxil, porque se adxudica directamente a unha empresa construtora e fai ela o propio proxecto, polo que se acurtan moito os prazos.

Están a favor do que indica o PP e esperan e confían que así se produza, e van votar a favor.

Iago Villamil Cajoto, concelleiro do grupo municipal do BNG, manifesta que concordan coa necesidade de arranxo da ponte e van votar a favor.

Victor Couto Barrientos, concelleiro do grupo municipal de FPF, di que tamén van votar a favor.

Finalizado o debate, **sométese a votación a Proposta do Grupo Municipal PP, obténdose o seguinte resultado: unanimidade (17 votos).**

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

1.-**Instar ao Ministerio de Fomento**, concretamente á Delegación de Fomento en Galicia, a reparar de forma inmediata o acceso a Vilaronte na N-642 por Mañente, e a mellorar a sinalización para evitar posibles accidentes mentres non se abra o mesmo.-

PROPOSTA GRUPO MUNICIPAL PP PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL A QUE INICIE A POSTA EN VALOR DO CASTRO DE LELLE

A Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, ditaminou favorablemente a presente proposta, na sesión celebrada o día 24 de outubro de 2019, cuxo teor literal di:

"PROPOSTA

No ano 2017 o goberno do Partido Popular inicia a compra dos terreos do Castro de Lelle ou Castro das Engrobias en San Martiño, na carretera que vai a Ferreiravella dende a Basílica, financiado pola Deputación de Lugo mediante o Plan Único do 2017.



Este castro, que se atopa en bastantes boas condicións, conta cun recinto principal totalmente amurallado en forma de elipsoide de uns 8000 m2 onde se presume están ubicadas as vivedas e edificacións castrexas, e un gran foxo ao redor que servía como linea defensiva do mesmo, e que a gran maioría dos terreos tamén son propiedade do Concello.

Para seguir mellorando a súa potencialidade sería necesario continuar coa compra de terreos colindantes, algún na zona do foxo que no seu día non puideron ser adquiridos, e xa que existe un ofrecemento de venda por parte dos propietarios, máis outros nas plataformas inferiores que conectasen directamente o conxunto coa carretera de acceso, e que permitiría entre outras accións facer un aparcamento nas proximidades do castro.

Para maior proxección do conxunto, dende o Partido Popular cremos que paralelamente a compra de máis terreos e segundo aclarou o arqueólogo que supervisou a corta e desbroce feita no 2018, debería iniciarse un proxecto de posta en valor do mesmo que contemplase entre outras, un programa de limpeza máis exhaustiva, topografía e vós con dróns para recoñecemento e planimetría dixital, avaliacións de posibles métodos de prospeccións arqueolóxicas, creación de percorridos con carteleiras informativas, semellado con céspede da superficie e plan de mantemento da área.

Ademais a cercanía dos dous conxuntos históricos, Basílica e Castro, e incluso a existencia de minas ao redor, fai pensar segundo persoas entendidas da materia, que non atende a unha simple casualidade e que poderían estar directamente relacionados aínda que terzan varios séculos entre ambas, polo que dito proxecto podería completarse proxectando unha senda peonil por unha das dúas marxes da estrada que os una.

Polo tanto, SOLICITAMOS APROBAR polo pleno da Corporación Municipal de Foz, os seguintes ACORDOS:

- 1.-Instar ao Goberno Municipal a dotar unha partida nos orzamentos do 2020 para a redacción dun proxecto técnico de posta en valor do Castro de Lelle.*
- 2.-Instar ao Goberno Municipal a incluír no Plan Único do 2020 da Deputación de Lugo a compra dos terreos que se citan na exposición de motivos.*
- 3.-Instar á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia a promover un convenio no que se comprometa a financiar dita intervención a cargo de que o Concello de Foz se encargue do mantemento rutinario da mesma “.*

A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións**, dándolle a palabra a Laura Riveira Balseiro, concelleira do grupo municipal do PP, que explica primeiramente a proposta e antecedentes deste asunto.

O alcalde manifesta que desde o PSdG-PSOE consideran esta moción máis ben un rogo, porque implica definir as actuacións a realizar polo concello. Neste sentido están absolutamente comprometidos coa defensa do patrimonio, primeiro hai que conservalo e despois poñelo en valor para que todos sexamos coñecedores do enorme e tan importante patrimonio que hai, e que non somos conscientes diso.

Cren que é necesario antes de calquera actuación ou definir unha senda, que podería ser unha solución, primeiro un estudo arqueolóxico do castro en sí mesmo. Agora mesmo os terreos son municipais, aínda que parte do foxo quedaría fora desa propiedade; entón cren que a primeira actuación que se debería facer sería facer un estudo arqueolóxico, e para iso a Xunta de Galicia ten as competencias para definir que partes estudar. Unha vez coñecido o ditame técnico, saber da importancia real do xacemento e ver as posibilidades ou non de musealizalo.

Cren que o primeiro é o estudo antes de acometer calquera inversión de calquera tipo.





Francisco Fanego Bermúdez, concelleiro do grupo municipal do BNG, di que se desbrozou íntegramente o mes pasado pola brigada contra incendios e agora mesmo está limpo. Tamén entenden que desde a Xunta e desde Patrimonio deberan dicir cales teñen que ser as primeiras actuacións, e tampouco teñen claro se é prioridade agora mesmo nos orzamentos do Plan único a compra dos terreos.

Non van votar en contra porque isto foi unha moción que partiu do BNG, do compañeiro González Basanta, unha moción histórica do BNG, pero van absterse porque os dous primeiros acordos non ven que sexa agora mesmo a prioridade.

Victor Couto Barrientos, concelleiro do grupo municipal de FPF, manifesta que van votar a favor.

Laura Riveira Balseiro, concelleira do grupo municipal do PP, di que non o presentaron como rogo porque se insta a outras administracións, non so ao Concello de Foz, e cren que o primeiro que se debería de facer é un proxecto a cargo do Concello, e o Concello ten os medios para poder facelo.

O alcalde di que por parte do PSdG-PSOE consideran un rogo polo menos as consideracións relativas a instancia do grupo municipal. O que si cre que é importante é definir os tempos, e que antes de calquera proxecto constructivo, de calquera proxecto de senda, primeiro hai que saber realmente o xacemento que hai. Evidentemente hai unhas formas topográficas, hai unha nomenclatura e unhas denominacións que indican que aí hai un xacemento arqueolóxico, pero o que hai que facer é ver a relevancia e a importancia deses xacementos, e faise cun estudo arqueolóxico integral que non está feito, e por iso cren que o prioritario sería facer ese estudo arqueolóxico antes de programar ou facer un proxecto de calquera tipo ou infraestrutura ou doutra consideración.

Laura Riveira Balseiro di que se está concentrando na senda, e aparte da senda pediron outras moitas cousas.

Finalizado o debate, **sométese a votación a Proposta do Grupo Municipal PP, obténdose o seguinte resultado:**

Votos a favor: (7): todos os membros do PP (6); todos os membros do FPF (1).

Votos en contra: ningún.

Abstencións: (10): todos os membros do PSOE (7); todos os membros do BNG (3).

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

1.-Instar ao Goberno Municipal a dotar unha partida nos orzamentos do 2020 para a redacción dun proxecto técnico de posta en valor do Castro de Lelle.

2.-Instar ao Goberno Municipal a incluír no Plan Único do 2020 da Deputación de Lugo a compra dos terreos que se citan na exposición de motivos.

3.-Instar á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia a promover un convenio no que se comprometa a financiar dita intervención a cargo de que o Concello de Foz se encargue do mantemento rutinario da mesma.-





CONCELLO DE

FOZ

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**DECRETOS:RELACIÓN DECRETOS ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 12/09/2019
AO 15/10/2019 (Do núm. 2019-536 ao núm. 2019-0606)**





En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Sr. Alcalde da conta das resolucións ditadas desde o 12 de setembro de 2019 ao 15 de outubro de 2019, que a seguir se transcriben:

"RELACIÓN RESOLUCIÓNS ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 12/09/2019 AO 15/10/2019"

<u>NOME</u>	<u>DATA</u>	<u>RESUMO</u>
DECRETO 2019-0606 [Resolución de Alcaldía]	15/10/2019 9 18:19	TESORERÍA -- Expediente 1266/2019 -- Aprobación cargo ocupacións vía pública con mesas e cadeiras... setembro --
DECRETO 2019-0605 [DECRETO [DECRETODECRETO DOMICILIADOS XUIIO 2019]	15/10/2019 9 18:11	SIA 1001319 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 225/2019 -- PAGOS DOMICILIADOS 2019. -- SIA 1001340 -- SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 1453/2019 -- 33757520Y SALVADOR VARELA DOVAL -- SOLICITUDE DE PRESTAMO AXUDAS TECNICAS -- SIA 1001183 -- OFICINA TÁC. OBRAS MENORES -- Expediente 1287/2019 -- B27311166 CUARCOR, S.L. -- Expediente 302/2013 -- 34143376Z GLORIA LOPEZ LOPEZ, S1511001H XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR LUGO --
DECRETO 2019-0604 [DECRETO de Alcaldía de CONCESION do SERVIZO DE PRESTAMO DE AXUDAS TECNICAS MUNICIPAL]	14/10/2019 9 14:05	Expediente JGL/2019/4 -- Múltiples interesados -- SIA 1001340 -- SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 1435/2019 -- P2701900I CONCELLO DE FOZ -- RECOÑECIMENTO DE DIETAS DO PERSOAL DO S.A.F. LIBRE CONCORRENCIA -- SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 1438/2019 -- APROB.RELACIÓN DE FACTURAS 88, 90, 91, 92, 93 E 94.XUNTA DE GOBERNO LOCAL -- levantamento de reparos 106 a 11 SIA 1001292 -- MEDIO AMBIENTE -- Expediente 1429/2019 -- 34881808P SHEILA PAZ DOMENECH -- RECLAMACION DEBEDA E ALTA NOVO CONTRATO SOUTONOVO -- SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 1384/2019 -- APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS 81, 82, 83, 84 E 85 -- SIA 1001340 -- INTERVENCIÓN -- Expediente 1098/2019 -- APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS 57 -- Expediente PLN/2019/1 -- Múltiples interesados -- SIA 1001415 -- 200 SECRETARIA -- Expediente 1336/2019 -- Múltiples interesados -- Contrato Menor obra. "Modificación e axuste sinalización Álvaro Cunqueiro, Avda da Mariña e Mariñeiro Chila con Concello de Sarria --
DECRETO 2019-0603 [Decreto devolución aval]	14/10/2019 9 13:52	TESORERÍA -- Expediente 1237/2019 -- Aprobación cargo ocupacións vía
DECRETO 2019-0602 [DECRETO ALCALDIA DE MODIFICACION DO SAF A DEPENDENTES]	14/10/2019 9 13:20	
DECRETO 2019-0601 [Decreto da convocatoria]	14/10/2019 9 9:35	
DECRETO 2019-0600 [DECRETO DE ALCALDIA APROBACIÓN PARA A SOLICITUDE DE DIETAS POR DESPRAZAMENTO AUXILIARES DOMICILIARIOS DO CONCELLO DE FOZ.]	11/10/2019 9 10:48	
DECRETO 2019-0599 [DECRETO RELAC.FRAS Nº 88,90, 91, 92, 93 E 94.EXPDT 1438-2019.XGL]	11/10/2019 9 10:48	
DECRETO 2019-0598 [RESOLUCION ALCALDIA]	11/10/2019 9 8:51	
DECRETO 2019-0597 [RESOLUCIÓN DE CORRECCIÓN DE ERROS RELACIÓN 82]	11/10/2019 9 8:23	
DECRETO 2019-0596 [RESOLUCIÓN DE CORRECCIÓN DE ERROS RELACIÓN 57]	10/10/2019 9 13:29	
DECRETO 2019-0595 [Decreto da convocatoria]	10/10/2019 9 12:50	
DECRETO 2019-0594 [Resolución adjudicación]	09/10/2019 9 22:22	



DACIÓ DE CONTA AO MINISTERIO DAS LÍNEAS FUNDAMENTAIS 2020-3º TRIMESTRE (Expte. núm. 202/2019)

Pola Presidencia dáse conta da remisión de información ao Ministerio das liñas fundamentais 2020-3º Trimestre.

Os membros asistentes á sesión danse por decatados.-

DACIÓ DE CONTA REMISIÓ INFORMACIÓ AO TRIBUNAL DE CONTAS DA CONTA XERAL 2018 (Expte. núm. 435/2019)

Pola Presidencia dáse conta da remisión de información ao Tribunal de Contas da Conta Xeral 2018.

Os membros asistentes á sesión danse por decatados.-

DACIÓ DE CONTA AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA USUARIOS DA RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA MUNICIPAL OU DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE FOZ: SETEMBRO 2019 (Expte. núm. 633/2019)

Pola Presidencia dáse conta das axudas de emerxencia social para usuarios da Residencia e Centro de Día Municipal ou de competencia municipal do Concello de Foz do mes de setembro 2019.

Os membros asistentes á sesión danse por decatados.-

DACIÓ DE CONTA AO MINISTERIO DOS COSTES EFECTIVOS 2018 (Expte. núm. 202/2019)

Pola Presidencia dáse conta da remisión de información ao Ministerio dos costes efectivos 2018.

Os membros asistentes á sesión danse por decatados.-

PROPOSTA DE URXENCIA DE ALCALDÍA DE DECLARACIÓ INSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DEBIDO AO PRESUNTO CRIME NO ÁMBITO DOMÉSTICO EN FOZ DO LUNS 4 DE NOVEMBRO 2019

A proposta de **ALCALDÍA**, e trala oportuna declaración de urxencia acadada por unanimidade dos dezasete señores/as concelleiros/as asistentes, ao abeiro do establecido no artigo 91.4 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en relación ao que se establece no artigo 138 do mesmo corpo



regulamentario, éntrase no despacho do seguinte:

“ PROPOSTA DE ALCALDÍA

Os portavoces do Grupos Municipais que forman parte do Pleno do Concello de Foz decidiron por unanimidade facer a seguinte Declaración Institucional:

“Onte, día 4 de novembro de 2019, o Concello de Foz recibiu unha triste, amarga e impáctante noticia coa que estamos absolutamente consternados. Á espera da confirmación oficial dun presunto crime de ámbito doméstico no noso pobo, o conxunto da Corporación de Foz quere trasladar a súa firme condena a todo tipo de violencia.

Tamén queremos enviarlles a tódolos veciños e veciñas unha mensaxe de absoluta tranquilidade e de confianza nas forzas do orde público, que están a facer o seu traballo dunha forma profesional e exemplar. As nosas condolencias a amigos e familiares”.

Ademais disto, dende a Corporación queremos mostrar o noso apoio e a nosa colaboración para calquera persoa que poida estar en calquera situación de violencia, do tipo que sexa, e recordar que os servizos municipais están á súa disposición para proporcionar a axuda necesaria a todos os cidadáns.

Do mesmo xeito dende a Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo e dende a Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, no teléfono 016, pónense a disposición diversos servizos a onde acudir en caso de sufrir calquera tipo de violencia.

Como testemuña da dor do pobo de Foz ante este feito, a Alcaldía deste Concello propón ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *Declarar loito oficial dende as 00.00 horas do día 6 ata as 23.59 do día 8, deste mes de novembro, durante os cales as bandeiras en todos os edificios municipais, ondearán a media asta.*

SEGUNDO.- *Mostrar a condolencia e solidariedade do Pleno deste Concello e de todos os veciños de Foz á familia e amigos da vítima”.*

A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións**, que explica primeiramente a proposta e antecedentes deste asunto.

Javier Jorge Castiñeira, concelleiro do grupo municipal do PP, manifesta que están absolutamente de acordo con estas circunstancias desagradables que tamén lle tocou vivir nalgún momento, e por iso desde o grupo do PP queren felicitar ao alcalde e o equipo de goberno por como xestionou esta circunstancia, polas súas informacións puntualmente, e entende que é a forma de facelo aínda que é unha cousa que non é boa para ningún veciño de Foz, e esperan non volver a pasar por estas circunstancias.

O alcalde agradece moito as palabras e entende que o sr. Castiñeira é coñecedor do que pasa unha corporación, cando fai cinco anos que houbo unha situación de violencia moi desagradable, que lle tocou encabezar.

Iago Villamil Cajoto, concelleiro do grupo municipal do BNG, cre que sobran as palabras e adhírense á declaración institucional, e lamentan enormemente ter que pronunciarse unha vez máis e transmiten a súa condolencia á familia e amigos.



Victor Couto Barrientos, concelleiro do grupo municipal de FPF, manifesta que comparten as palabras do resto de portavoces e transmiten as condolencias a familiares e amigos da vítima.

Finalizado o debate, **sométese a votación a Proposta de Alcaldía, obténdose o seguinte resultado: unanimidade (17 votos).**

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Declarar loito oficial dende as 00.00 horas do día 6 ata as 23.59 do día 8, deste mes de novembro, durante os cales as bandeiras en todos os edificios municipais, ondearán a media asta.

SEGUNDO.- Mostrar a condolencia e solidariedade do Pleno deste Concello e de todos os veciños de Foz á familia e amigos da vítima.-

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS E PREGUNTAS

Rogos do PP. Juan Rivas Nécega formula os seguintes:

1.- Rogan ao sr. alcalde que tal como lle solicitou a Asociación de veciños de Fazouro, proceda a sinalizar o paseo do río Ouro, para evitar que os tractores agrícolas utilicen o mesmo como acceso a fincas, deteriorando o mesmo, co risco engadido de poder ocasionar un accidente.

2.- Que varios veciños de Cangas mostraron o seu descontento, especialmente co Sr. Fanego, posto que hai moitas estradas que están sen rozar, e incluso algunhas deixáronse a medias, polo que rogan que se envíe novamente o tractor para rematalas. Iso si, unha recomendación, que non deixen os restos nos accesos ás vivendas como pasou nalgún caso, como ben sabe a sra. Rojo, porque aínda están os restos de limpeza dun río esperando que sexan retirados.

Francisco Fanego Bermudez, concelleiro de medio ambiente, di que transmitiu á persoa encargada de recoller iso que se recollese e incluso mandoulle unha foto, e non tiña constancia de que aínda non fora recollido.

3.- Existen queixas do mal estado dos contedores do rural; os de envases de plástico, nalgúns sitios coma Vilaronte, moitas veces están desbordados e os de orgánico parece que seguen sen limpase, pese á resposta que lle deu no pleno anterior.

Francisco Fanego Bermudez di que no pleno anterior, cando lle dixeron que non se fixera ningún contrato de limpeza de contedores, el dixo que se enganaba, que si que





se fixera. E ese contrato, que xa o pediu o PP para comprobar que lles estaba a dicir a verdade, non rematou aínda o prazo de execución. Falouse coa empresa en reiteradas ocasións, o operario que anda con ese camiión está de baixa, e dinlles que de momento non incumpriron o contrato. Esperan que antes de que remate o prazo se faga ese lavado.

Rogos de FPF. Victor Couto Barrientos formula os seguintes:

- 1.- Que se faga cumprir a ordenanza que hai ao respecto sobre pegadas de carteis nas marquesinas municipais.
- 2.- Que se arranxe canto antes a beirarrúa de Avda. do Vicedo, xa que leva máis de quince días valada, e co problema a día de hoxe sen resolver.

Preguntas do PP. Juan Rivas Nécega formula as seguintes:

- 1.- Todos os anos, coincidindo co inicio da Escola de Música, convocábase a mesa de seguimento cos representantes da AMPA, o director e os voceiros dos grupos municipais. Era o propio BNG e o propio PSdG-PSOE, cando estaban na oposición, os primeiros en queixarse e reclamar a constitución e convocatoria desta Mesa, polo que queren saber, agora que son goberno, e sabendo que houbo problemas no comezo dalgunha disciplina, por qué non se convocou este ano a Mesa de seguimento.

Hector Moris Fernández di que se convocará en breves.

- 2.- Ven que empezaron co pintado de pasos de peóns e colocación de bolardos na rúa Álvaro Cunqueiro e Avda. da Mariña, algo que parece contradictorio e incluso confuso, xa que as rúas están consideradas de preferencia peonil. Por outra banda, e despois do atropelo acaecido, falaba o alcalde de que se ía contratar un plan de tráfico e mobilidade para garantir a efectividade dos cambios. Descoñecen se existe tal plan e non saben que criterios usaron, por iso preguntan se o alcalde é capaz de garantir a seguridade dos peóns nesas rúas.

O alcalde di que a pregunta é un pouco capciosa, porque ninguén é capaz de garantir totalmente a seguridade en ningunha rúa nin en ningún estado. Desde logo o plan de mobilidade vaise facer cando haxa presuposto, para o ano próximo. É o primeiro paso que debe ter un concello para definir as prioridades, para definir as rúas e que zonas se usan peonilmente e que zonas poden circular os vehículos, antes de facer calquera tipo de obra. Lamenta profundamente que non se fixera iso antes de formar as rúas de Álvaro Cunqueiro e Avda. da Mariña.

As rúas que definen como semi-peonís, esa é unha definición que a el particularmente non lle gusta, nin cre que conveña, porque semi-peonil simplemente é de prioridade para cruce do peón e o vehículo ten que deterse en calquera punto da rúa, non é que un peón poida circular polo medio da zona habilitada para os vehículos, polo cal, semi-peonil é unha palabra enganosa; pasaban vehículos e podían cruzar por calquera punto, incluso entre dous vehículos estacionados cos problemas de visibilidade acaecidos e que provocaron, en gran medida, ese atropelo.

A persoa atropelada ten unha gran deficiencia visual e reuniuse con el no Concello, e





abre moito os ollos escoitar a persoas con distintos déficits. Nese sentido, indicaba que era un gran atranco para ela non dispoñer de pasos de peóns, porque os vehículos non se detían, e para ela era unha dificultade non ter por onde cruzar.

Os servizos que se usaron para este reforzo da sinalización son os servizos municipais, e estase procedendo a elo porque, ademais, hai que recordar unha cousa, o que serve para unhas rúas igual non serve para outras. O tráfico que circula por Álvaro Cunqueiro e por Avda. da Mariña nestes momentos é bastante elevado e a consideración de peonil, cun tráfico tan elevado, non se pode definir así. O que hai que facer e protexer aos peóns na medida do posible e é o que se está facendo con estas obras de reforzo de sinalización e balizamento.

3.- Eran moi críticos co anterior goberno por pagar facturas con reparos, chegando incluso a negarse a pagalas cando viñan a pleno. Agora que xa levan cinco meses de goberno, con ampla maioría e total autonomía e capacidade para modificar os orzamentos, preguntan se se están a pagar facturas con reparos de intervención por parte do novo goberno.

O alcalde responde que os reparos son de moi diversa índole pero o que si conseguiron, e ten que agradecer o traballo de intervención, e reduciilo ao mínimo. Evidentemente estanse pagando facturas con algún tipo de reparo, porque hai moitos contratos que teñen que saír a licitación pública para que iso se evite completamente. Hai contratos en precario que veñen da administración anterior e ata que non se saquen todas esas licitacións públicas haberá facturas con reparo.

Preguntas de FPF. Victor Couto Barrientos formula as seguintes:

1.- Cando se vai executar a partida orzamentaria de 42.000 € para o cambio da tubaxe de auga e aglomerado en quente que hai para Alemparte?

O alcalde apunta a pregunta para responder no seguinte pleno.

2.- Se coñece a gran problemática de varios rapaces con discapacidade intelectual que hai no Concello e que desexan ir ao centro de formación ocupacional e non lles poñen ningún bus subvencionado que lles axude.

O alcalde pregunta se se refire ao centro de formación de Foz, e que anota a pregunta para responderlle con todos os datos e posibilidades que hai tanto para ir ao centro de Burela como ao centro de Foz no próximo pleno.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

